

Páxina web do centro: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvite/>

Instagram : @escoladevite e @orientacion.vite1

CONVIVE-T. AULA MEDIACIÓN

Dese o curso 2022-23, o CEIPP de Vite conta cunha aula de Mediación. A posta en marcha do equipo de mediadores escolares, os "MINIMEDIADORES", é unha das propostas incluída nos CPI. Inclúe no apartado de Convive. Ao longo do curso o alumnado voluntario de 5º curso de primaria, participou nun programa de formación en mediación escolar para o fomento da convivencia e da resolución dos conflitos de xeito pacífico, a cargo de Asgamed. Este programa forma parte do Plan de Convivencia do centro, polo que vai ter continuidade para os vindeiros cursos. Os mediadores remataron o curso moi entusiasmados e déronse a coñecer á toda a comunidade educativa. O vindeiro curso van traballar tanto na prevención, detección, tratamento, seguimento e na xestión dos conflitos que xurdan no centro, como unha fonte de experiencia e de aprendizaxe para a vida.





<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvite/node/627>

As actuacións relacionadas coa CONVIVENCIA, desenvoltas co alumnado de 5º curso de primaria, estiveron relacionadas con:

- Actividades de EDUCACIÓN EN VALORES, co alumnado de 5º nivel A, onde se traballaron temas relacionados coa comunicación e a educación emocional, como a comunicación asertiva, a tolerancia, as palabras fermosas... Esta medida desenvolveuse en colaboración coa Fundación Meniños que nos facilitou o acceso online á Escola do Benquerer.



<https://fundacionmeninos.wordpress.com/2023/02/20/colexio-do-benquerer/>

-Actividades para a RESOLUCIÓN PACÍFICA DE CONFLICTOS, que se levou a cabo con alumnado voluntario dos cursos de 5º, que participaron tanto na formación e inicio da función de mediadores escolares, como tamén exerceron de dinamizadores de patio para facilitar a inclusión do alumnado con NEAE no tempo de lecer.